

## **TAREFA 2 : "RECICLA TUI?"**

**MESTRA: JENNY (Titora 4<sup>o</sup> EI)**

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: *Ámbito Natural e social***

**CONTEXTO: Aula de 3 anos (tarefa adaptada para o 2<sup>o</sup> ciclo de EI)**

**CURSO: 2019/2020**

## ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

### 1. IDENTIFICACIÓN

### TAREFA 2 : “RECICLA TUI?”

<b>ETAPA</b>	EDUCACIÓN INFANTIL	<b>NIVEL</b>	4º, 5º E 6º INFANTIL
<b>ÁREA/S</b>	ENFOQUE GLOBALIZADO	<b>MESTRAS</b>	JENNY

#### DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Analizaremos a situación actual do reciclaxe no contexto familiar do alumnado protagonista desta tarefa. Trátase de recadar datos significativos sobre a situación actual nas casas do alumnado ou en persoas da súa contorna, xa que teñen que dar resposta as cuestións que formarán parte dunha enquisa. Esta enquisa será analizada en gran grupo ao longo da segunda sesión do ámbito e a representaremos con obxectos reais para que sexa mais visual e manipulativo.

Isto faise como punto de partida de cara a realización doutras actividades de desenvolvemento vinculadas á sustentabilidade e á educación medioambiental (transversalidade, educación en valores). Darase resposta a través da análise dos resultados da enquisa, a pregunta “Recicla Tui?”

#### XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Debido á saturación de residuos que se poden observar no centro (aulas e patio exterior), quérese comprobar se esta situación se traspola ao contexto mais inmediato do alumnado: a súa familia. É importante recadar esta información para proceder coa realización das seguintes tarefas que se van desenvolver no ámbito Natural e Social e ter conciencia de que facer, como facelo e para que facelo. Pescudaremos solucións e posibilidades que nos dan estes residuos que a nun inicio non teñen utilidade ningunha.

#### CONTEXTO:

Aula de 3 anos (ÁMBITO NATURAL E SOCIAL DE INFANTIL).

CONCRECIÓN CURRICULAR			
ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3
<p><b>1. VEXO-PENSO-PREGÚNTOME:</b> Partindo dunha imaxe (Imaxe 1) primeiro observarán a foto, despois pensarán que hai nela e que pasa; por último preguntaremos que esta sucedendo? E daremos paso as respostas no círculo.</p>	Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar	Acepta ter que esperar a súa quenda	
<p><b>2. CÍRCULO (responden as cuestións):</b> "Sabedes que significa reciclar?" "Como tiras o lixo na túa casa?" "Todo xunto nun mesmo contedor de lixo?" "Cantos contedores tes?"</p>	Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar	Acepta ter que esperar a súa quenda	Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.
<p><b>3. XOGO MANIPULATIVO.</b> Clasificación de fotografías de diferentes residuos segundo son orgánicos, plásticos, vidro ou papel/cartón.</p>	Acepta ter que esperar a súa quenda	Amósase sensible cara á conservación e mantemento de ambientes limpos e non contaminados.	
<p><b>4. ENQUISA.</b> Deberán facer 3 cuestións na casa aos seus familiares ou xente próxima da súa contorna. <a href="https://www.thinglink.com/scene/1252770498270461954">https://www.thinglink.com/scene/1252770498270461954</a></p>	É quen de rexistrar as súas observacións.		
<p><b>5. ANALISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA.</b> Contabilizamos as respostas</p>	Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato	Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual).	



de forma manipulativa e coloreando unha gráfica.	numérico.		
<b>6. CONTO: "No es una caja".</b> A idea é que o alumnado sexa consciente de que moitos recursos que se tiran ao lixo poden volver a ter outro uso ou función. <a href="https://www.youtube.com/watch?v=afJCe5MNDV0">https://www.youtube.com/watch?v=afJCe5MNDV0</a>	É capaz de mostrar preferencias.	Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos.	
<b>7. "COAS NOSAS MANS, CAMBIAREMOS O MUNDO..."</b> . Mural colaborativo no que plasmaremos de xeito simbólico as mans de cada un e cada unha sobre un tronco dunha árbore xa debuxado previamente. Todo isto baixo o lema de "Coas nosas mans cambiaremos o mundo".	Fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, experiencias...		

## TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
<b>1. VEXO-PENSO-PREGÚNTOME:</b> Partindo dunha imaxe (Imaxe 1) primeiro observarán a foto, despois pensarán que hai nela e que pasa; por último preguntarémonos que esta sucedendo? E daremos paso as respostas no círculo.	<b>1.1.</b> Visualización dun vídeo que servirá de motivación inicial: MISIÓN.	<b>1.2.</b> Visualizamos en gran grupo a Imaxe 1 na pantalla e expoñerán oralmente o que ven. Despois, pensarán que está sucedendo? E para a última parte (pregúntome: que podemos facer para solucionar isto? É bo para Tui e para as persoas xuntar todo o lixo nun mesmo cubo? Que pode pasar?	
<b>2. CÍRCULO (responden as cuestións):</b>	<b>2.1.</b> Responden as cuestións		

<p>"Sabedes que significa reciclar?" "Como tiras o lixo na túa casa?" "Todo xunto nun mesmo contedor de lixo?" "Cantos contedores tes?"</p>	<p>respectando a quenda de palabra tomando a mascota do ámbito Arcoiris como obxecto da palabra.</p>		
<p><b>3. XOGO , "E TI, QUE SABES DA RECICLAXE?".</b> Clasificación de fotografías de diferentes residuos segundo son orgánicos, plásticos ou papel/cartón.</p>	<p><b>3.1. XOGO MANIPULATIVO.</b> Mostraranse 3 imaxes de 3 cubos de lixo de gran tamaño (<b>SOPORTE 1</b>) no círculo. Teremos diferentes alimentos e iremos introducindo en cada cubo segundo corresponda para coñecer as ideas previas do alumnado respecto da reciclaxe. Iremos comentando en cal cubo vai cada desperdicio.</p>		
<p><b>4. ENQUISA.</b> Deberán facer 3 cuestións na casa aos seus familiares ou xente próxima da súa contorna. <a href="https://www.thinglink.com/scene/1252770498270461954">https://www.thinglink.com/scene/1252770498270461954</a></p>	<p><b>4.1.</b> Comentamos a enquisa (<b>SOPORTE 2</b>) en gran grupo, que temos que preguntar na casa? Lemos, miramos, escoitamos e vemos as cuestións da enquisa e o seu formato (formato papel e formato dixital en audio: compartirase ás familias por vía dixital).</p>		
<p><b>5. ANALISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA.</b> Contabilizamos as respostas de forma manipulativa e coloreando unha gráfica.</p>	<p><b>5.1.</b> Comentaremos cada enquisa en gran grupo e iremos introducindo nun bote o número de pedras correspondes ás respostas dadas polas persoas segundo a pregunta.</p>	<p><b>5.2. GRÁFICAS (SOPORTE 3).</b> Dispoñemos de 3 gráficas de barras en A3 (unha para cada cuestión da enquisa), cubriremos en gran grupo as gráficas para contemplar os datos recollidos dun modo mais visual (incluiremos diferentes cores segundo as respostas).</p>	<p><b>5.3</b> comentamos os datos recollidos e respondemos a cuestión inicial. <b>"RECICLA TUI?"</b></p>
<p><b>6. CONTO: "No es una caja".</b> A idea é que o alumnado sexa consciente de que</p>	<p><b>6.2.</b> Mostrase unha caixa baleira de cartón ao alumnado e preguntaremos</p>	<p><b>6.2.</b> Lectura en gran grupo do conto.</p>	<p><b>6.3. XOGO LIBRE.</b> Cada equipo disporá dunha caixa de cartón</p>



<p>moitos recursos que se tiran ao lixo poden volver a ter outro uso ou función. <a href="https://www.youtube.com/watch?v=afJCe5MNDV0">https://www.youtube.com/watch?v=afJCe5MNDV0</a></p>	<p>en gran grupo: "para que cres que pode servir esta caixa?" cada un dará unha idea sobre como podería volver a usala.</p>		<p>baleira e poderán xogar a inventar que é... faremos fotos do proceso e das súas explicacións simulando que son o coelliño protagonista do conto.</p>
<p><b>7. "COAS NOSAS MANS, CAMBIAREMOS O MUNDO...".</b> Mural colaborativo no que plasmaremos de xeito simbólico as mans de cada un e cada unha sobre un tronco dunha árbore xa debuxado previamente. Todo isto baixo o lema de "Coas nosas mans cambiaremos o mundo".</p>	<p><b>7.1. MURAL.</b> Iremos plasmando as mans con témpera de cores un a un sobre o tronco da árbore. Cada neno ou nena deberá dicir ou expoñer unha idea para mellorar o mundo, neste caso para mellorar Tui, e dun xeito mais concreto, para mellorar o noso cole ou as nosas casas.</p>	<p><b>7.2 APP Thinglink.</b> Cun Thinglink que terá de fondo a árbore que conforma o mural anterior, gravaremos en audio as ideas que teñen para aportar o seu grao de area ao mundo para que a reciclaxe forme parte das nosas vidas coma un hábito e costume mais. Este Thinglink compartirase no blog de ámbito e coas familias.</p>	

TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<p><b>1. VEXO-PENSO-PREGÚNTOME:</b> Partindo dunha imaxe (<b>Imaxe 1</b>) primeiro observarán a foto, despois pensarán que hai nela e que pasa; por último preguntaremos que esta sucedendo? E daremos paso as respostas no círculo.</p>	<p>AULA 3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>ENCERADO DIXITAL, PROXECTOR, IMAXE CUBO DE LIXO MESTURADO</p>	<p>MARTES 9:30-10:00</p>
<p><b>2. CÍRCULO (responden as cuestións):</b> "Sabedes que significa reciclar?" "Como tiras o lixo na túa casa?" "Todo xunto nun mesmo contedor de lixo?" "Cantos contedores tes?"</p>	<p>AULA 3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>MASCOTA DO ÁMBITO</p>	<p>MARTES 10:00-10:30</p>

<p><b>3. XOGO , "E TI, QUE SABES DA RECICLAXE?".</b> Clasificación de fotografías de diferentes residuos segundo son orgánicos, plásticos ou papel/cartón.</p>	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO	SOPORTE 1: IMAXES RESIDUOS E CUBOS DE LIXO	MARTES 11:00-11:30
<p><b>4. ENQUISA.</b> Deberán facer 3 cuestións na casa aos seus familiares ou xente próxima da súa contorna. <a href="https://www.thinglink.com/scene/1252770498270461954">https://www.thinglink.com/scene/1252770498270461954</a></p>	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO	PANTALLA, PROXECTOR, ALTAVOCES, ENQUISAS	MARTES 11:30-12:00
<p><b>15. ANALISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA.</b> Contabilizamos as respostas de forma manipulativa e coloreando unha gráfica.</p>	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO	PEDRAS, BOTES, PICTOGRAMAS, GRÁFICAS	XOVES 9:30-10:30
<p><b>6. CONTO: "No es una caja".</b> A idea é que o alumnado sexa consciente de que moitos recursos que se tiran ao lixo poden volver a ter outro uso ou función. <a href="https://www.youtube.com/watch?v=afJCe5MNDVQ">https://www.youtube.com/watch?v=afJCe5MNDVQ</a></p>	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO E PEQUENO GRUPO	CONTO, CAIXAS CARTÓN	XOVES 11:00-11:20
<p><b>7. "COAS NOSAS MANS, CAMBIAREMOS O MUNDO...".</b> Mural colaborativo no que plasmaremos de xeito simbólico as mans de cada un e cada unha sobre un tronco dunha árbore xa debuxado previamente. Todo isto baixo o lema de "Coas nosas mans cambiaremos o mundo".</p>	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO	IPAD OU MÓVIL, PAPEL CONTINUO, TÉMPERAS DE CORES	XOVES 11:20-12:00

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SI	NON
1. Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar		
2. Acepta ter que esperar a súa quenda		
3. Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.		
4. Amósase sensible cara á conservación e mantemento de ambientes limpos e non contaminados.		
5. É quen de rexistrar as súas observacións.		
6. Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.		
7. Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual).		
8. É capaz de mostrar preferencias.		
9. Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos.		
10. Fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, experiencias...		



## AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO

A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación da propia práctica docente. Utilizará o soporte que se mostra no lado dereito da folla.

### VALORACIÓN OBRADOIROS INCLUSIVOS Idea

**AVALIACIÓN DA POSTA EN PRÁCTICA...**

**IDEAS E PROPOSTAS PARA MELLORAR...**


DATA DA REALIZACIÓN DOS OBRADOIROS:  
ASINADO:



## SOPORTES PARA A TAREFA 2



IMAXE 1. SOPORTE PARA A ACTIVIDADE INICIAL DE VEXO-PENSO-PREGÚNTOME



**SOPORTE 1. CUBOS DE LIXO PARA O XOGO MANIPULATIVO "E TI, QUE SABES DA RECICLAXE?"**



SOPORTE 2. ENQUIXA PARA FACER NO CONTEXTO FAMILIAR

1. SEPARAS O LIXO NA CASA? 



SEMPRE



CASE SEMPRE



CASE NUNCA



NUNCA

2. SEPARAS O LIXO NA RÚA? 



SEMPRE



CASE SEMPRE



CASE NUNCA




NUNCA

3. COÑECES AS CORES DOS CUBOS DE RECICLAXE QUE EXISTEN?



SI



ALGÚNS



NON



**SOPORTE 3 . GRÁFICAS PARA O ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS (PARA COLOREAR EN GRAN GRUPO)**

*\*Haberá 3 gráficas (unha para cada cuestión da enquisa)*

# 1. SEPARAS O LIXO NA CASA?

10				
9				
8				
7				
6				
5				
4				
3				
2				
1				

